



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

CIRCULAR 180-2025 – Actualizada a 26/11/2025

PROCEDIMENTO DE TRAMITACIÓN DE LICENZAS E COTAS FGA TEMPADA 2026

1. INTRODUCCIÓN

A presente circular ten por obxecto explicar de forma clara e accesible todos os procedementos, cotas, prazos e obrigas necesarias para obter ou renovar a licenza de atletismo FGA durante a tempada 2026.

1.1. Contacto oficial para a xestión de licenzas

Toda a documentación, xustificantes ou consultas deben enviarse ao correo: xestion@atletismo.gal

2. QUE É A LICENZA FGA E QUEN A PRECISA

A licenza federativa é o documento oficial que permite participar en competicións oficiais e reconece a integración do deportista ou estamento dentro da Federación Galega de Atletismo (FGA) e, se procede, tamén da Real Federación Española de Atletismo (RFEA).

A inscrición implica a aceptación obrigatoria dos regulamentos FGA e RFEA

Dirixida a:

- Clubs
- Atletas (de club e independentes)
- Adestradores/as
- Técnicos/as
- Xuíces/zas

Tempada 2026

A tempada abrangue do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2026.

3. VISIÓN XERAL DO PROCESO DE TRAMITACIÓN

3.1. Documentación obrigatoria

Segundo o estamento, poderase requirir:

- Datos persoais actualizados
- Foto tipo carné
- Consentimento de protección de datos (obrigatorio)
- Certificado de ausencia de delitos sexuais
 - Obrigatorio para adestradores/as e xuíces/zas
 - Validez máxima de 3 meses
- O atleta menor de 14 anos precisa autorización dos representantes legais
- Estranxeiros/as: NIE e certificado de empadramento

3.2. Plataformas dixitais empregadas

3.2.1. Pasarela FGA

É obrigatoria para:

- Clubs
- Adestradores/as
- Técnicos/as
- Xuíces/zas
- Atletas independentes

<https://licenzas.carreirasgalegas.com/>

3.2.2. Pasarela RFEA

Empregada polos clubs para:

- Tramitación de atletas non independentes
- Activación da opción REMESAR para pagar por transferencia á FGA

<https://atletismorfea.es/user/login-registro>

3.3. Pagos: diferenza entre FGA e RFEA

O sistema da RFEA xerará o cobramento no momento da solicitude de licenza, independentemente de se foi validada pola FGA e aínda que non chegue a xerarse a remesa.

A parte correspondente á FGA debe pagarse:

- Vía transferencia (cando se active REMESAR), ou
- Vía pasarela FGA (estamentos que tramitan directamente a través dela).



3.4. Recargas por trámite fóra de prazo

A RFEA aplica recargas de 33 € e, nalgúns casos, 300 € segundo o tipo de licenza e atraso ([detallados máis adiante no apartado 7](#))

4. DATAS OFICIAIS DE INICIO DE TRAMITACIÓN

Estamento	Data de inicio	Plataforma
Clubs	10/11/2025	Pasarela FGA
Adestradores/as – Técnicos/as	10/11/2025	Pasarela FGA
Xuíces/zas	10/11/2025	Pasarela FGA
Atletas independentes	25/11/2025	Pasarela FGA
Atletas de club	25/11/2025	RFEA + transferencia á FGA

Prazos licenzas nacionais segundo circular RFEA.

5. TRAMITACIÓN SEGUNDO O TIPO DE USUARIO

5A. CLUBS

5A.1. Data de inicio

10 de novembro de 2025

5A.2. Procedemento

1. Acceder á pasarela FGA.
2. Actualizar datos do club.
3. Verificar representantes e documentación.
4. Realizar o trámite de licenza.
5. Pago a través da pasarela ou efectuar ingreso na conta indicada.
6. No caso de pago mediante transferencia, enviar xustificante a xestion@atletismo.gal
7. Esperar validación.

5A.3. Conta bancaria para pagos

ES82 2080 0068 7830 4001 9194

Concepto: "(Nome do club) – Pago Licenzas 2026"



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

5A.4. Recargas RFEA aplicables

- Renovación fóra de prazo licenzas nacionais: 300 €
- Ver detalle completo no [apartado 7](#).

5B. ADESTRADORES/AS E TÉCNICOS/AS

5B.1. Data de inicio

10 de novembro de 2025

5B.2. Procedemento

- Tramitar obrigatoriamente pola pasarela FGA.
- Actualizar datos e foto.
- Selecciona o tipo de licenza.
- Aceptar protección de datos.
- Enviar Certificado de Delitos Sexuais a xestion@atletismo.gal
- Efectuar pago.

5B.3. Exencións

Adestradores/as con licenza de atleta están exentos do pago de seguro de xuíz/adestrador.

5C. XUÍCES/ZAS

5C.1. Data de inicio

10 de novembro de 2025

5C.2. Procedemento

- Tramitar obrigatoriamente pola pasarela FGA.
- Actualizar datos e foto.
- Selecciona o tipo de licenza.
- Aceptar protección de datos.
- Enviar Certificado de Delitos Sexuais a xestion@atletismo.gal
- Efectuar pago.

5C.3. Exencións

Xuíces/zas con licenza de atleta están exentos do pago de seguro de xuíz/adestrador.



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

5D. ATLETAS INDEPENDENTES

5D.1. Inicio

25 novembro 2025

5D.2. Pasos na pasarela FGA

1. Crear/actualizar perfil.
2. Engadir foto tipo carné.
3. Aceptar cláusulas.
4. Seleccionar tipo de licenza.
5. Efectuar pagamento.
6. Validación pola FGA.

5E. ATLETAS DE CLUB (NON INDEPENDENTES)

5E.1. Inicio

25 novembro 2025

5E.2. Procedemento

1. O club tramita a licenza na pasarela RFEA (Circular RFEA 181/2025).
2. Para pagar por transferencia á FGA, o club debe activar REMESAR.
3. A FGA envía factura.
4. O club realiza a transferencia e acredítala.
5. A FGA valida a licenza.

6. TIPOS DE LICENZA (AUTONÓMICAS)

6.1. Licenza Estándar

Permite competir en probas oficiais autonómicas FGA de:

- Pista
- Campo a través
- Ruta



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

6.2. Licenza Plus

Inclúe todo o da Estándar + cobertura específica para:

- Trail Running

6.3. Licenza de Corredor

Permite participar en probas oficiais FGA de:

- Campo a través
- Ruta
- Trail Running

6.4. Licenza Cuatrimestral

Validez: 1 setembro → 31 decembro.

6.5. Licenza Nacional (RFEA)

Debe formalizarse sempre tras ter solicitada e pagada a autonómica cando corresponda.

7. RECARGAS POR TRAMITACIÓN FÓRA DE PRAZO EN LICENZAS NACIONAIS (RFEA)

Aplicaranse segundo a Circular 181/2025 da RFEA:

Renovación fóra de prazo	
<i>Atletas (agás Sub-16 e inferiores)</i>	33,00 €
<i>Adestradores, técnicos, xuíces e representantes</i>	33,00 €
<i>Clubs</i>	300,00 €
Cambio de licenza territorial → nacional en tempada	33,00 €
Atletas independentes que pasan a club tras ano independentes	33,00 €



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

8. CATEGORÍAS POR IDADES (2026)

Categoría	Nacemento
Máster	Desde o día en que cumpra 35 anos
Sénior	2003 e anteriores
Sub23	2004, 2005, 2006
Sub20	2007, 2008
Sub18	2009, 2010
Sub16	2011, 2012
Sub14	2013, 2014
Sub12	2015, 2016
Sub10	2017, 2018
Sub8	2019 ou posteriores



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

ANEXO I - COTAS DE LICENZAS FGA 2026

1. CLUBS

Categoría	Cota FGA
División de Honra	250 €
1ª División	200 €
Nacional	150 €
Autonómica	100 €
Club de Nova Creación	50 €

2. ADESTRADORES/AS - MONITORES/AS

Categoría	Cota FGA	Cota RFEA	Seguro
Adestrador Alto Rendemento			
Título Federativo de Adestrador Nacional TDSA	33€	90€	16,05€
Adestrador de Tecnificación			
Título Federativo de Adestrador de Club TDA Grado Medio Licenciados o Graduados en INEF ou CAFYD con especialidad en atletismo	33€	76€	16,05€
Monitor de Atletismo RFEA			
Titulo Federativo de monitor	28€	52€	16,05€
Monitor de Iniciación RFEA			
TDA ciclo inicial Licenciados ou Graduados en INEF – CAFYD – TAFAD/TSEAS	28€	52€	16,05€
Monitor de Atletismo FGA	28€	-	16,05€



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

3. XUÍCES/ZAS

Categoría	Cota FGA	Cota RFEA	Seguro
RFEA Nivel III	23€	75€	16,05€
RFEA Nivel II	23€	75€	16,05€
RFEA Nivel I	23€	58€	16,05€
Autonómico	23€	0€	16,05€
Aspirante	0€	0€	16,05€

4. ATLETAS CON FICHA POLA FGA (clubs galegos e independentes)

4.1. Licenza ANUAL – Modalidades Estándar e Plus

Categoría	Cota FGA	Seguro	Total
Máster	39€	32,81€	71,81€
Sénior	39€	27,18€	66,18€
Sub23	27€	27,18€	54,18€
Sub20	27€	14,53€	41,53€
Sub18	27€	14,53€	41,53€
Sub16	19€	S.Xogade	19€
Sub14	19€	S.Xogade	19€
Sub12	16€	S.Xogade	16€
Sub10	16€	S.Xogade	16€
Sub8	16€	S.Xogade	16€

Atletas con Licenza por Clubs de fóra de Galicia 200€ Seguro incluído.

4.2. Licenza CUADRIMESTRAL (1 setembro – 31 decembro)

Categoría	Cota FGA	Seguro	Total
Máster	13€	32,81€	45,81€
Sénior	13€	27,18€	40,18€
Sub23	9€	27,18€	36,18€
Sub20	9€	14,53€	23,53€
Sub18	9€	14,53€	23,53€
Sub16	6,33€	S.Xogade	6,33€
Sub14	6,33€	S.Xogade	6,33€
Sub12	5,33€	S.Xogade	5,33€
Sub10	5,33€	S.Xogade	5,33€
Sub8	5,33€	S.Xogade	5,33€



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

5. LICENZA DE CORREDOR

Categoría	Cota FGA	Cota RFEA	Seguro
Máster	20€	20€	Punto 6
Sénior	20€	20€	Punto 6
Sub23	20€	20€	Punto 6
Sub20 e inferiores	12,50€	12,50€	Punto 6

6. SEGUROS ESPECÍFICOS

Categoría	España - Portugal - Marrocos - Pirineo Francés	Europa - Marrocos	Todo o Mundo
Máster - Sénior - Sub23	35€	50€	75€
Sub20 - Sub18	24€	30€	45€
Sub16 - Sub14 - Sub12 - Sub10 - Sub8	15€	18€	30€



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

ANEXO II - CLÁUSULA DE PROTECCIÓN DE DATOS (Obrigatoria para a tramitación da licenza)

1. Introducción e carácter obrigatorio

A aceptación desta cláusula é imprescindible para a expedición dunha licenza autonómica ou nacional, tanto para novos titulares como para renovacións.

No caso de menores de 14 anos, requírese tamén a aceptación polos seus representantes legais.

A base xurídica do tratamento de datos deriva da adscrición á FGA ou RFEA, así como das obrigas legais e regulamentarias vixentes.

2. Medidas técnicas e organizativas

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 (RXPDP), a FGA aplicará:

2.1. Medidas para garantir:

- A efectiva protección dos datos persoais
- O tratamento limitado aos fins específicos
- A seguridade adecuada fronte aos riscos asociados

3. Responsables do tratamento de datos

3.1. Licenzas autonómicas (FGA)

Federación Galega de Atletismo

Complexo Deportivo de Elviña (A Coruña)

Praza Agustín Díaz s/n – Salas 15-16-17 – CP 15008

CIF: G15103500

federacion@atletismo.gal

981 291 683



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

3.1.1. Delegado de Protección de Datos

Nós Solucións

ramon@nossoluciones.es

3.2. Licenzas nacionais (RFEA)

Real Federación Española de Atletismo (RFEA)

Avda. de Valladolid 81 – 1º – 28008 Madrid

CIF: Q-2878003-I

rfea@rfea.es

915 482 423

4. Finalidade do tratamento

O tratamento dos datos ten como obxectivo:

- Tramitación e xestión de licenzas deportivas
- Cumprimento das funcións estatutarias e regulamentarias da FGA e RFEA
- Xestión disciplinaria
- Comunicación con entidades organizadoras de competicións
- Xestión administrativa, sanitaria, xurídica e deportiva
- Cumprimento da normativa en materia de dopaxe, violencia, disciplina e competicións oficiais

5. Destinatarios dos datos

Os datos poderán ser cedidos a entidades necesarias para o exercicio das funcións federativas, entre elas:

- Axencias de viaxes e aseguradoras
- Prestadores de servizos postais, informáticos ou xurídicos
- Administracións públicas
- Órganos disciplinarios
- WA, EA, COI, AMA-WADA e outras autoridades internacionais
- Organizadores de competicións
- Xulgados e tribunais



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

6. Regulamento Antidopaxe e obrigas de comunicación

O interesado acepta expresamente:

- A normativa antidopaxe WA
- A comunicación dos datos necesarios a RFEA, WA, COI, AMA e TAS-CAS
- A transferencia internacional destes datos cando sexa requirido

Inclúe:

nome, apelidos, datas de control, resultados analíticos, resolucións administrativas ou xudiciais.

7. Transferencias internacionais de datos

Quedan permitidas cando sexan necesarias para competir en países non adheridos ao estándar europeo de protección de datos.

O titular consinte os riscos asociados, incluíndo:

- Inexistencia de autoridade de control
- Ausencia de medidas de seguridade equivalentes
- Falta de garantías organizativas suficientes

8. Publicidade dos datos deportivos

O atleta ou os seus representantes autorizan a publicación dos datos deportivos e identificativos en:

- Bases de datos públicas da FGA e RFEA
- Páxinas web oficiais
- Listaxes de inscrición e resultados
- Datos como nome, apelidos, número de licenza, idade, club, nacionalidade, resultados obtidos

9. Conservación dos datos

Os datos conservaranse:

- Polo tempo necesario para cumprir a finalidade do tratamento,
- Tendo en conta os prazos legais de prescrición e caducidade
- Coa obriga legal de bloqueo de datos cando corresponda



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

10. Dereitos das persoas interesadas

O titular pode solicitar:

- Acceso
- Rectificación
- Supresión
- Limitación
- Oposición
- Portabilidade
- Retirada do consentimento (coa salvidade das obrigas legais asociadas)

As solicitudes formúlanse por escrito a:

secretaria@atletismo.gal (FGA) ou ao enderezo da RFEA se procede.

11. Advertencia final

A NON aceptación da presente cláusula implica:

- ✗ Imposibilidade de tramitar ou expedir a licenza
- ✗ Non integración na FGA nin na RFEA
- ✗ Inexistencia de efectos federativos autonómicos ou estatais



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

ANEXO III - CLÁUSULA DE CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE, VOZ E NOME

(Obrigatoria para competicións e actividades federativas)

1. Introducción

Ao abeiro do disposto no artigo 7.2.h) dos Estatutos da Federación Galega de Atletismo (FGA) e en conformidade coa Lei orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, o presente Anexo ten por obxecto informar ás persoas federadas sobre o réxime de cesión e tratamento da súa imaxe, voz, nome e demais datos de carácter persoal derivados da súa participación en competicións oficiais de atletismo organizadas ou autorizadas pola FGA.

A formalización da licenza federativa implica a aceptación expresa das condicións previstas neste Anexo.

2. Ámbito da cesión

A cesión comprende a imaxe, a voz, o nome e outros datos asociados que poidan ser recollidos con ocasión da participación deportiva e que resulten de interese xeral, incluíndo de forma non exhaustiva:

- Idade ou data de nacemento
- Lugar de nacemento
- Nacionalidade
- Club de pertenza
- Datos xerados pola intervención nas competicións oficiais

A cesión autoriza a captación, gravación, reprodución, difusión, emisión e retransmisión mediante calquera medio técnico ou soporte, escrito, audiovisual ou electrónico, incluíndo internet e redes sociais, presentes ou futuros.

3. Finalidades permitidas

O material obtido poderá empregarse para as seguintes finalidades:

3.1. Accións promocionais e publicitarias da competición

Realización de accións promocionais e/ou publicitarias directamente pola FGA ou en colaboración cos seus patrocinadores, colaboradores e medios de comunicación.



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

3.2. Materiais audiovisuais da FGA

Elaboración de materiais audiovisuais ou publicitarios da competición e de soportes institucionais da FGA dirixidos a campañas ou actividades promocionais e comerciais.

3.3. Difusión en canles oficiais

Publicación na páxina web oficial da FGA (www.atletismo.gal) e nos seus perfís en redes sociais (Facebook, X, Instagram, LinkedIn, Pinterest, YouTube ou outras que puidesen crearse no futuro).

En ningún caso se permitirá un uso que poida atentar contra o dereito ao honor nos termos previstos na LO 1/1982.

4. Condicións da cesión

4.1. Cesión gratuita

O titular renuncia a reclamar compensación económica presente ou futura.

4.2. Duración

Cesión por tempo ilimitado.

4.3. Ámbito territorial

Cesión sen límite territorial, incluíndo países fóra da UE.

4.4. Facultade de cesión a terceiros

A FGA e RFEA poden ceder materiais a:

- O público en xeral mediante a súa difusión pública.
- Produtoras, distribuidoras e prestadores de servizos involucrados na gravación e difusión das imaxes e vídeos.
- Provedores de servizos de aloxamento de vídeos e fotografías en internet (incluíndo redes sociais).
- Patrocinadores e colaboradores da FGA no marco de accións promocionais ou institucionais autorizadas.

Algúns destes terceiros poden estar situados en países sen equivalencia xurídica en materia de protección de datos. Os riscos foron informados no Anexo II.



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

5. Tratamento dos datos persoais xerados

As imaxes, voz e nome recollidos serán tratados segundo a normativa de licenzas e protección de datos (ver Anexo II).

A conservación dos datos será ilimitada, dada a cesión permanente dos dereitos de imaxe.

6. Dereitos do titular

O titular pode exercer os dereitos previstos no Anexo II (acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade, limitación).

No entanto:

A revogación da cesión pode dar lugar a indemnización por danos e prexuízos, segundo a Lei Orgánica 1/1982, art. 2.3

O exercicio destes dereitos non impedirá a súa utilización:

- En procedementos administrativos ou xudiciais nos que o/a federado/a poida estar implicado/a.
- A utilización de imaxes ou datos persoais nos ditos procedementos cando resulten necesarios.

7. Advertencia final

A tramitación da licenza federativa supón a aceptación íntegra das condicións contidas neste Anexo.

En caso de non aceptalas, non poderá formalizarse a licenza correspondente nin, polo tanto, adquirirse a condición de persoa federada da FGA.

A Coruña, 26 de Novembro de 2025

Yolanda González Fernández
Secretaría Xeral da Federación Galega de Atletismo